

Tema	Pregunta	Resposta
contidos	Ola, son mestra de 5º e traballo con contido SmartClassroom; gustaríame saber si vou contar con contidos para traballar no segundo e no terceiro trimestre con este tipo de contidos, xa que ata o momento son están disponibles as da primeira avaliación.	Xa están publicadas as unidades de 2º e 3º trimestre de lingua castelá para 5º de primaria, lingua galega de 1º da ESO e matemáticas de 2º da ESO.
contidos	non hai ningún tipo de material manipulativo tipo tarxetas, flashcards...relacionados cos contidos netex? ou opción de imprimilas através dun pdf?	Depende da materia, existen materiais complementarios, dende gramática para as linguas, listados de verbos para inglés e outras linguas, etc. O material complementario depende da unidade.
contidos	Que tipo de contidos dixitais se contemplan para traballar co alumnado con adaptación curricular en quinto de primaria?	A maioría de materias de Netex, sexan Smart ou non, contan con actividades ao longo das unidades e ao final, no apartado de avaliación, deseñadas para reforzar e ou ampliar os contidos. No apartado "Ao peche" tedes actividades de "Reforzo" e "Ampliación". Ademais, nos contidos do profesor, atoparedes indicacións que vos facilitarán suxerencias de explotación didáctica das actividades, mais aló do seu desenvolvemento básico.
contidos	Por lo que veo los esfuerzos se están destinado a ofrecer funcionalidades dentro de las unidades que el profesorado de edixgal ya tenía en su plataforma , para cuando recursos independientes de las unidades? y no duplicidad de esfuerzos??	SmartClassroom é unha solución tanto tecnolóxica como didáctica que vai permitir aos docentes que poidan xerar recursos propios, unificados co contido editorial, e personalizar e adaptar ese contido básico á diversidade coa que se atopa na súa aula. O feito de que se poidan engadir actividades propias, ou incluso enlazar con outros recursos que xa tedes dispoñibles no catálogo de abalar ou no repositorio de actividades do EVA xa creadas por outros colegas, vai permitir evitar esa duplicidade de esforzos, que poidades seleccionar os contido que desexedes para responder ás vosas necesidades concretas.
contidos	Podemos acceder a contidos de cursos/materias que non impartimos?	Sí, é posible. Á hora de engadir un recurso dentro da clase do EVA, poderdes engadir calquera libro ou unidade SmartClassroom

acceso offline	Poden acceder a SmartClassroom a través de Evaoffline?	Sí, ao igual que o resto dos contidos. En canto o alumno abre unha unidade Smart dende o EVA offline, se iniciará a descarga. Despois, poderá acceder á unidade dende o EVA offline, con ou sen conexión a Internet.
acceso offline	todo o que fai en eva offline ata cando queda gardado?	Quedarán almacenados no PC do alumno indefinidamente, ata que volva a abrir a unidade con conexión a Internet. Así, se enviarán as respostas ao docente. Eso sí, tal e como dixemos no webinar, é importante que o alumno trate de recuperar a conexión en canto sexa posible para evitar perder as respostas se entra dende outro equipo.
acceso offline	con frecuencia as descargas no eva offline pide volver a descargar a unidade, a que pode ser debido?	Realmente non está descargando a unidade de novo, senon que está facendo e consultar se hai algunha novidade ou cambio. Por exemplo, se hai algún contido que crease o docente, se hai algunha modificación/actualización do sistema Smart... Habitualmente realizamos melloras no sistema Smart con certa periodicidade (a veces cada 15 días, a veces cada mes) para mellorar o rendemento. Por iso a veces vemos que a barra de descarga está buscando novidades. Se as hai, as descargas e actualiza o sistema.
acceso offline	Incluso cando di que está descargada, non é así e indica que precisa volver a descargar	
acceso offline	por qué se perde moi a miúdo a conexión?	¿Esto só sucede cos contidos Smart ou con outros contidos? Pode ser un problema da conectividade do centro. Recomendamos contactar coa equipa de soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) para facilitarlles datos máis concretos e poder revisar qué sucede.
acceso offline	Se se traballa en Eva offline (sen conexión, na casa p.ex), os vídeos non o ve o alumno?	En modo offline poderán ver os vídeos e audios que proporciona por defecto o contido. Se vos engadides vídeos de Vimeo ou YouTube, esos non se poderán ver sen conexión a Internet.
autoría	Podo engadir vídeos creados por min, ou só de youtube ou vimeo?	Para engadir vídeos propios é preciso subilos a un canal de Youtube ou Vimeo.
autoría	Se se crean audios, ¿Se poden subir os audios?	No, actualmente só se poden asociar vídeos. Para publicar audios vos recomendamos converter o ficheiro a mp4 e publicalo en YouTube ou Vimeo.

autoría	Ocultamos un apartado enteiro o podemos ocultar só parte do apartado?	Actualmente só se poden ocultar apartados/leccións completas de unha unidade. Dentro do apartado ou lección o que podemos é borrar contidos, aínda que estamos traballando para modificar este comportamento e que se poidan ocultar textos/actividades/etc. sen necesidade de borrar.
autoría	podemos suprimir un apartado?	Non, no se poden eliminar apartados, pero sí se poden ocultar para que os alumnos non os vexan ata que nos o desexemos.
autoría	Se ocultamos unha actividade ou unha sección dun tema, como conta na analítica de avaliación?	Se se oculta unha sección sigue contando para nota. Só estamos facendo que non sexa visible para o alumno. As actividades non se poden ocultar actualmente, só borrarlas. Se se borran, deixan de contar para a nota.
autoría	Si ocultamos algunha actividade dunha unidade, segue contando para a nota final?	
autoría	Ola, gustaríame saber como podo crear exercicios de forma que aparezan distintos apartados dentro do mesmo bloque.	As actividades que podedes crear como docentes se mostran unhas encima de outras, actualmente non podemos mostralas en bloques, como as editoriais.
autoría	Como se pueden agrupar en un mismo bloque las actividades que crea el profesor?	
autoría	Sería posible compartir un diseño personalizado con outros compañeiros	Actualmente non. Temos no listado de funcionalidades futuras a posibilidade de compartir actividades con outros docentes, nun repositorio común.
autoría	es posible agrupar un documento y un vídeo subidos por mí dentro de la misma carpeta "nuevo contenido"?	Actualmente non. Só se poden asociar como "novo contido" ou un enlace ou un documento. Estamos traballando para que poidades crear leccións vacías para que poidades facer iso, engadir unha sola lección os contidos que queirades (vídeos, textos, documentos...).

autoría	Se engado unha actividade, como o pdf, que engadiches anteriormente. Teño o mesmo feedback e posibilidades que nas actividades por defecto, que acabas de explicar?	Nos documentos pdf non temos control sobre o que poida facer o alumno sobre él. Para traballa cun pdf, ou terán que imprimilo, responder e entregárvolo, ou se subides un pdf con campos nos que poida redactar o alumno, terá que descargarlo enviárvolo por correo ou outro medio. O que sí se pode facer e crear actividades interactivas dentro das leccións xa existentes. Activando o botón do Modo edición poderedes engadir actividades (de resposta múltiple, escritura libre, etc.) que se compartirán igual que o resto de actividades (terán 3 intentos e recibiredes as respostas en tempo real).
autoría	para engadir contidos, quero engadir un apartado de unha unidade noutra, pero si a engado como enlace aos alumnos aparecelles como si a abrira o profe coas súas funcionalidades. Hay algunha outra forma de engadir un apartado de unha unidade noutra?	Actualmente non se poden mover ou engadir apartados de unha unidade a outra.
autoría	e posible engadir un apartado dunha unidade, noutra unidade distinta?	
control do alumnado	Inicialmente o alumno ten 3 oportunidades para responder a unha actividade. É posible resetear ou aumentar as posibilidades posibilitando ao alumno volver a facer esa actividade?	Actualmente non é posible. Estamos traballando na posibilidade de que poidades activa un intento adicional por alumno e actividade.
control do alumnado	En inglés, as actividades de Listening son moi importantes para escoitar na casa por exemplo. Hai forma de saber cantas veces escoitaron o Listening? Eu recoméndolles escoitar o texto 2 veces polo menos.	Sí, é posible. Debaixo dos audios e vídeos das unidades contades con un panel de detalles que vos permitirá consultar qué alumnos realizaron a reprodución, qué partes deixaron de ver e qué partes do audio/vídeo foron mais vistas.
control do alumnado	podolle asinar unha determinada activade so a un grupo de alumnos?	Actualmente non. Estamos traballando na posibilidade de crear grupos de alumnos (p. ex. de reforzo ou ampliación) e poder asignarlles tarefas e actividades concretas da unidade, a modo deberes.

control do alumnado	como podo diferenciar dous alumnos co mesmo nome?	Agora mesmo, o listado de alumno só mostra o nome dos rapaces. Estamos mellorando esta parte para que tamén mostre os apelidos.
control do alumnado	Teño alumnos con nomes iguais na clase. Pódese poñer apelido aos iconos cando estas correxindo as actividades para saber que alumno estás avaliando??	
control do alumnado	Cómo podo engadir o apelido a un alumno?	
avaliación	E se puidera xerar unha cualificación, que podería ser ponderada tamén polo docente.	Efectivamente, estamos a traballar na posibilidade de que poidades configurar vos mesmos a puntuación da unidade, seleccionando qué actividades van a contar para a nota final e incluso modificar os intentos dispoñibles.
avaliación	as actividades autocorrexibles son avaliáveis e cales mais?	Todas as actividades da unidade son avaliáveis e todas contan para a nota. Tanto as de autocorrección, como as de escritura libre como as non interactivas (que teredes que puntuar vos manualmente).
avaliación	Como comprobar las actividades que está trabajando el alumnado y qué respuestas ha dado	Tedes dous modos: o ben accedendo ao panel de detalles asociado a cada pregunta, ou dende o botón "Acceder como" onde poderedes ver a unidade completa alumno por alumno.
avaliación	un comentario: á hora de correxir e facer comentarios sobre respostas libres dos meus alumnos bórraseme todo o que estou a escribir nese momento. Non sei que é o que pasa realmente pero aos nenos pásalles o mesmo, quixáns de que lles desaparece todo o que estaban a escribir antes de darlle a enviar.... MOITAS GRAZAS	Esto sucede cando hai outros alumnos respondendo ao mesmo tempo que estamos realizando avaliación. Cando se reciben novas respostas, o sistema se actualiza, polo que borra e refresca a pantalla. Estamos solucionandoo para que non suceda.
xestión de unidades	Se pueden guardar los contenidos de un curso para el otro?	Estamos traballando na conservación das vosas unidades coa vosa autoría dun curso escolar para outro.

xestión de unidades	Otra pregunta: Despues de modificar una unidad, el profesor puede recuperar la unidad original?	Actualmente non. Unha vez que engadides unha unidade, pasa a ser a vosa unidade e podeades facer os cambios que sexan precisos. Se precisades recuperar a unidade orixinal, temos que recuperar o libro completo, non só unha unidade concreta. De todos modos, para situacións particulares, contactade co soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) e analizaremos caso a caso.
xestión de unidades	Podo eliminar a un alumno do listado porque non emprega este sistema?	Vos non tedes ningunha funcionalidade para facelo. Se o precisades, debedes solicitalo a través da equipa de soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es)
xestión de unidades	pódese facer unha sesión aparte para un neno cunha adaptación de 1º se estamos en 6º?	Para esa situación particular, entendemos que se podería engadir a unidade que queirades dentro do EVA (p. ex. unha de 1º da ESO) e facer que só poida acceder ese alumno, xa sexa cos permisos que ofrece o propio EVA, ou xa sexa dende a propia unidade Smart, habilitando o acceso aos apartados únicamente para ese alumno. (Ver Aptdo. 12.5 do manual de docente)
outros	Se descargo o pdf ó final da unidade as respostas saen no pdf ou sempre sae en branco?	O pdf no é dinámico, non se modifica coas respostas dos alumnos. É un documento que incorpora os contidos teóricos e as actividades da unidade, como material de apoio.
outros	estoy interesada en imprimir ejercicios del area de inglés de 5º de primaria	Contades con un documento PDF descargable de toda a unidade, na zona superior dereita da unidade, no botón de recursos.
outros	Onde se poden atopar as app que se acaban de mencionar para controlar o manexo de EVA por parte do alumnado?	Debes preguntar á equipo de soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) por estos programas. Por se serve de axuda, un asistente nos indica que "eppoptes" permite controlar os equipos.
outros	En el manual se menciona la posibilidad de crear grupos de alumnos, sin embargo en la practica solamente se puede crear grupos de una persona. ¿ Esta previsto incorporarlo grupos mas numerosos? ¿se podría quitar del manual mientras tanto?	Actualmente non se poden crear grupos, será unha funcionalidade de cada a futuro. Revisei o manual e non atopo referencia aos grupos. É posible que participases durante o piloto estés visualizando una versión antiga?

outros	Sería fundamental poder ligar as programacións didácticas, cos seus estándares, rúbricas, etc. coas unidades, e que os resultados das actividades das unidades se vincularan ás valoracións de cada estándar nas programacións	Correcto, esta é outra das liñas nas que queremos seguir traballando, para que os docentes poidades ver o progreso do alumnado, non só pola puntuación alcanzada, senon atendendo ao estándares de aprendizaxe que marca o currículo, e incluír rúbricas de avaliación.
outros	The summer holidays non sería correcto. dirríase summer holidays, anon ser que nos referíramos a elas: (during the summer holiday) como informar de erros? 5º unit 6, o exemplo xa contén un erro no título	Calquera erro que atopedes nas unidades SmartClassroom podedes correxilo directamente, xa que tedes o modo edición dispoñible para modificar textos ou engadir novos materiais. De todos modos, agradeceremos que trasladedes todos os erros que atopedes a través do soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es)